

CONCURSO DE ESCAPARATISMO

“FESTIVAL INTERNACIONAL DE MAXIA INFANTIL 2020”

BASES

PRIMEIRA – Co obxecto de impulsala actividade comercial a través da dinamización dos escaparates, a organización da IV Edición do Festival Internacional de Maxia de Marín, convoca o “**II CONCURSO DE ESCAPARATES DE MAXIA**”, no que poderán participar todos os establecementos do concello de Marín, calquera que sexa a súa actividade comercial, que dispoñan de escaparate físico, entendendo como tal os elementos do establecemento visibles ao público desde o exterior que inclúan ou non un espazo para expoñer produtos.

SEGUNDA – No deseño do escaparate, o establecemento deberá expoñer motivos acordes coa maxia e deberá estar en concordancia coa actividade que se exerza habitualmente no establecemento. No caso de desenvolver unha temática agresiva, discriminatoria, ofensiva ou de empregarse elementos que atenten contra a estabilidade do medio ambiente, o establecemento non poderá participar no concurso. Nos escaparates poderá empregarse calquera técnica.

TERCEIRA – A inscrición será gratuíta e realizarase a través do formulario que estará dispoñible no seguinte enlace <https://www.estrelademarin.gal/festival-internacional-maxia-infantil-marin-20/> O prazo de inscrición será do 10 de marzo ao 27 de marzo. O escaparate deberá estar montado o luns 30 de marzo

CUARTA – Unha vez remate o prazo de inscrición, un xurado pasarase durante os días do festival, polos establecementos participantes para valorar o escaparate. O xurado valorará aspectos como: a orixinalidade, a creatividade, o deseño, a harmonía e a exposición do produto. O fallo do xurado será inapelable. O escaparate gañador anunciarase durante a gala de maxia que se celebrará o domingo día 5 de abril no Multisusos.

QUINTA (PREMIO) – Un vale compra de 300€ (composto de 6 vales de 50€, para gastar en calquera dos establecementos colaboradores co Festival) e a inserción de publicidade durante un mes nun dos minipuntos limpos do concello (se o establecemento gañador fose asociado a Estrela de Marín, a publicidade será de tres meses). Ademáis o establecemento gañador, disporá dunha páxina de publicidade na revista oficial do vindeiro festival de maxia.

O premio do vale deberá consumirse antes de finais do mes de abril e no tocante á publicidade, a inserción da mesma deberá efectuarse antes do mes de agosto.

SEXTA – A entrega de premios efecturase durante a gala de maxia que se celebrará o domingo día 5 de abril no multiusos da praza, durante a gala de maxia.

SÉTIMA – CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os establecementos participantes nesta promoción autorizan á organización do Festival, a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

OITAVA – A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización do Festival.

En Marín a de de 2020